
PREGUNTA ORAL DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS POLÍTICAS PÚBLICAS PARA ATENDER A DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO DO CONCELLO DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte PREGUNTA ORAL, sobre as políticas públicas para atender á diversidade sexual e de xénero do Concello de Santiago, para a súa resposta no Pleno da corporación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Recentemente o Concello de Santiago presentou unha nova edición de Compostela Diversa, un programa que reúne xornadas de reflexión, actividades lúdicas e intervención no espazo público así como unha campaña sobre a realidade do colectivo LGTBI co obxectivo de conmemorar o Día Internacional do Orgullo do 28 de xuño. Estas actividades, necesarias e de gran valor para o colectivo LGTBI, están centradas unicamente no mes de xuño, e a realidade é que o conxunto das políticas municipais continúan sen incorporar a perspectiva da diversidade sexual e de xénero no conxunto das diferentes áreas políticas.

É preciso ir máis alá das políticas de sensibilización e visualización do colectivo LGTBI se realmente se aposta por unha verdadeira Compostela Diversa. As políticas pola diversidade sexual e de xénero deberían ser transversais á acción municipal promovendo o respecto e a autodeterminación das distintas formas de vivir a identidade, o corpo e o desexo. Neste sentido, deberían erradicar a discriminación e a violencia cara as persoas LGTBI atendendo as súas necesidades, vulnerabilidades e dereitos. A abordaxe de políticas de diversidade sexual e de xénero ten a intención tamén de pór o foco na necesidade de poñer en funcionamento políticas que incidan no conxunto da poboación.

Porque o respecto á diversidade sexual e de xénero ou a non discriminación ao colectivo LGTBI son elementos que benefician ao conxunto da cidadanía, permiten crear formas de vida con menos sufrimento, menos desigualdades, máis xustas e inclusivas. Porén, as políticas públicas sensibles á diversidade benefician a todas as persoas, á marxe da súa orientación sexual e identidade de xénero.

No propio programa electoral do PSOE, no seu apartado 'Compostela diversa' aparecen recollidas ata 8 medidas concretas das que despois de máis de tres anos de mandato o cumprimento é relativamente escaso ou residual limitándose ás campañas gráficas de visibilización. Incluída unha das medidas que especificamente recolle incluír “a perspectiva LGTBI en proxectos e axudas sociais, habilitando plans específicos cando sexa necesario (Emprego, deporte..)”

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Con que previsión temporal e como vai o goberno municipal de Santiago incorporar a perspectiva da diversidade sexual e de xénero nas diferentes áreas da política municipal e como vai establecer un sistema de prevención e detección de posibles situacións de discriminación das persoas lgtbi en Santiago?**

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022



Marta Lois González
GRUPO MUNICIPAL

Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO

